

★ Nos hospitais construídos seguindo o modelo proposto polo PP as infraestruturas son de peor calidade e con menor número de camas e de persoal.

★ As condicións laborais son mais precarias provocando unha perda de calidade asistencial aos pacientes. Menos persoal ten que atender o mesmo número de pacientes.

★ Este tipo de hospitais ten unhas taxas mais elevadas de infeccións de todo tipo (respiratorias, urinarias, pneumonías, etc.) debido á peor asistencia de enfermería. Menos enfermeiras, mais infeccións. Isto provoca un incremento real do gasto sanitario ao aumentar os días de ingreso dos pacientes.

★ Esta xestión privada está encamiñada á obtención do maior beneficio económico e non a garantir a calidade do servizo.

★ A propia Organización Mundial da Saúde considera que este modelo de hospitais privados ten un custe superior e unha peor calidade que os públicos.



fóra as empresas privadas da sanidade

**SANIDADE
100% PÚBLICA**

Pola derogación da Lei 15/97!

A SANIDADE 100% PÚBLICA

O Partido Popular pretende privatizar a sanidade pública e vai comezar coa construción dos hospitais de Vigo e Pontevedra. Queren privatizar un servizo público fundamental argumentando a mellora da atención e da xestión cando o que realmente pretenden é deixar en mans de bancos, construtoras e empresas de servizos sanitarios os novos hospitais e centros de saúde, regalándolles a sanidade pública. Con este modelo só se van beneficiar as "grandes empresas" que van devorar os cartos públicos que terá que pagar a Xunta durante os 30 anos de concesión.

A conselleira de sanidade di constantemente que a atención sanitaria destes centros vai ser totalmente pública, o que non di é que só serán traballadores públicos os médicos/as e enfermeiros/as, e que o resto do persoal será de empresas privadas. A administración, a lavandería, a cociña, o laboratorio, a radioloxía, seguridade, aparcamentos, etc, van ser privatizados. Isto suporá a redución de moitos postos de traballo na sanidade pública e un deterioro da atención aos pacientes. Polo tanto a atención sanitaria non vai ser totalmente pública.

O PP vai hipotecar a sanidade e os orzamentos da Xunta para

herdar uns hospitais arruinados. No caso de Pontevedra e Vigo o anterior goberno xa tiña previstos os investimentos para a realización das obras, pagábanse dunha vez e os hospitais eran propiedade pública. Co novo modelo pagaremos moitas veces unhas instalacións que son privadas e só pasaran a ser da administración ao final da concesión, cando xa non sexan rendíbeis.

Que vai ser de Montecelo e o Provincial? Como se poden abandonar dúas instalacións en funcionamento e nas que recentemente se investiron un feixe de cartos en melloras, ou tendo prevista e con financiación a ampliación de Montecelo.

Un modelo caduco e fracasado. Coa escusa da eficacia económica o sr. Feijoo e a sra. Farjas queren vendernos un modelo caduco e fracasado alá onde se implantou.

No Reino Unido desde a posta en marcha deste sistema de xestión privada dos hospitais reduciuse o persoal nun 25%. Ou sexa, un 25%

menos de enfermeiras, auxiliares, etc, para atender aos pacientes. Perdéronse 13.000 camas entre 1997 e 2001. Incrementáronse as listas de espera en todo tipo de servizos sanitarios.

En Madrid os 7 novos hospitais construídos con xestión privada teñen un 68% menos camas. Teñen externalizada a radioloxía e o laboratorio. Hai menos médicos por habitante. Nos privados de 0,46 a 0,73 por mil habitantes, nos públicos entre 1,3 e 2,4 por mil habitantes.

Non hai máis que ler os informes do Defensor do Paciente en Madrid sobre os 7 novos hospitais de xestión privada que puxo en marcha o PP nesa comunidade:

"Alguns pacientes estiveron sen comer 36 horas..."(Hospital de Puerta de Hierro). "Neste hospital falta roupa e pixamas para os nenos, aos que as veces hai que secar coas sabas..."(Hospital Infanta Cristina). "Mestúranse pacientes con diferentes patoloxías en cuartos, co perigo de contaxio de

enfermidades..."(Hospital del Tajo).

Por unha sanidade pública 100% Opoñémonos a este modelo privatizador e facemos un chamamento á sociedade galega para que reaccione contundentemente contra este roubo da sanidade pública que nos queren facer. Pretenden quitar nos un dereito fundamental como é a sanidade só para encher os petos duns poucos espabilados.

Demandamos que se pare o desmantelamento da sanidade pública e solicitamos a derogación da lexislación que permite a privatización, máis concretamente da Lei 15/97 aprobada polo PP e o PSOE contra a que xa se presentaron mais de 300.000 sinaturas no Congreso.

Quen paga? A Xunta durante os 20-30 anos que dura a concesión. Desta forma hipotécense os orzamentos da Xunta durante eses anos.

Quen leva os beneficios? As empresas privadas que non corren ningún risco nos seus investimentos, poñendo nas súas mans os cartos públicos.

